

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

RESOLUCIÓN do 10 de xuño de 2024, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se publican as puntuacións provisionais do proceso selectivo para o ingreso polo sistema de concurso, á condición de persoal estatutario fixo na categoría de persoal enfermeiro especialista na especialidade de saúde mental.

Mediante a Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos, do 3 de xullo de 2023 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 132, do 12 de xullo), convocouse o proceso selectivo, polo sistema de concurso, para o acceso á condición de persoal fixo na categoría de persoal enfermeiro especialista na especialidade de saúde mental.

Este proceso selectivo realízase en execución da Lei 2/2022, do 6 de outubro, de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario con título de especialista en Ciencias da Saúde do Servizo Galego de Saúde (*Diario Oficial de Galicia* núm. 196, do 14 de outubro), co fin de impulsar a incorporación urxente, estable e permanente de persoal da categoría mencionada aos postos de difícil cobertura.

A base oitava da resolución citada dispón que, realizada polo tribunal a baremación dos méritos achegados polos/as aspirantes, a Dirección Xeral de Recursos Humanos publicará no *Diario Oficial de Galicia* o anuncio da súa exposición con indicación da puntuación provisional obtida por cada aspirante nas distintas epígrafes do baremo, a puntuación por ter acreditado o coñecemento da lingua galega, así como a valoración total do concurso.

Logo de realizada polo tribunal a baremación correspondente de conformidade coa base oitava das resolucións de convocatoria, esta dirección xeral, como órgano convocante dos procesos,

RESOLVE:

Primeiro. Publicar, na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es), as puntuacións provisionais obtidas polos/as aspirantes presentados/as ao proceso selectivo, na categoría de persoal enfermeiro especialista na especialidade de saúde mental.

Cada aspirante poderá consultar, ademais, o detalle da puntuación obtida nas distintas epígrafes do baremo, no seu expediente electrónico persoal en Fides/expedient-e/sección de procesos.



Segundo. De conformidade coa base oitava da Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 3 de xullo de 2023 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 132, do 12 de xullo), de convocatoria do proceso selectivo, contra os resultados da baremación provisional, os/as aspirantes poderán presentar reclamación ante o propio tribunal no prazo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

A reclamación deberá presentarse nun rexistro administrativo ou a través de calquera dos procedementos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e deberá dirixirse á sede do tribunal para efectos de comunicacións, situada na Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, Edificio Administrativo San Lázaro, s/n, 15703 Santiago de Compostela.

A estimación ou desestimación das reclamacións presentadas entenderase implícita na resolución pola que se aproben as puntuacións definitivas, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2024

María del Mar Pousa Cobas
Directora xeral de Recursos Humanos

